

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **14 de decembro de 2017**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de novembro de 2017 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2017.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A CREACIÓN DA REDE PROVINCIAL DE ANDAINAS.-

O **presidente da comisión** dá conta da moción presentada polo Grupo Popular.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, lembra que hai bastante tempo, concretamente nos primeiros meses do mandato, Democracia Ourensana presentara unha moción para a recuperación dos camiños da provincia, cunha serie de finalidades como as de protección contra incendios forestais, mellora da accesibilidade, ou a súa potenciación coo recurso turístico, polo que se alegra de que con esta moción se recollen parte das demandas realizadas por Democracia Ourensana na súa moción, que por certo fora rexeitada polo Pleno.

O **presidente da comisión** indica que é posible que a moción do Grupo Popular recolle parte do espírito da indicada polo deputado de Democracia Ourensana, se ben esta é moito máis específica en canto á finalidade dos camiños e a creación desta rede de andainas, polo que o seu contido vai máis alá da moción aludida.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación de Ourense creará a **Rede Provincial de Andainas** como instrumento de ordenación e coordinación destas actividades, nunha estratexia definida de fomento do deporte non competitivo e promoción turística que permita a dinamización económica do noso territorio.

2º.- A Rede Provincial de Andainas incluírá un **calendario de actividades** e o **pasaporte “AndOU”**, onde os camiñantes conseguirán un selo que acredite a súa participación nas diferentes rutas, optando a premios que incentiven e fidelicen aos senderistas.

3º.- Os camiños incluídos na Rede Provincial de Andainas deberán **fomentar a educación ambiental**, dando a coñecer con anterioridade ás probas unhas normas de **boas prácticas medioambientais**, así como promocionar as **“rutas interpretadas”**, onde monitores especializados ou axentes de medio ambiente expliquen as características da natureza por onde discorren as rutas.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pide información sobre as actuacións realizadas e que concellos con cargo ao programa provincial da rede de auditorios da provincia, así como se nos últimos meses se produciu unha nova adhesión dalgún concello da provincia.

O **presidente da comisión** indica que se remitirá a información por escrito e antes de finalizar a sesión procede a invitar aos membros da comisión ao concerto, que terá lugar o 4 de xaneiro de 2018, por parte da Real Banda de Gaitas na Catedral de Ourense, así como á presentación oficial que se realizará mañá da importantísima exposición organizada por esta Deputación e denominada “In Tempore Sueborum”.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18:30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.